

GALICIA

Luces

BOTELLA AO MAR

Rusia e os inventos

SUSO
DE TORO



»MICRO E MACROECONOMÍA, túpese o queimador dunha caldeira e o fontaneiro, o chumbista, aclara que é porque a refinaria ou Repsol non lle botaron o aceite que lle habían botar. Qué lle habemos facer, a comparación entre o a nosa economía doméstica co poder e o tamaño financeiro desa xente paralizanos.

»E AGORA VEÑEN OS RUSOS e por moito que se poña para arriba o presidente de Repsol seica lle van comprar un cacho da compañía. A nosa vinganza é rusa.

»"RUSIA", ESE NOME tan cargado de cousas que se nos veñen á mente. O nome dese país soaba, e aínda soa, asociado a cousas traxicas, perigosas: o comunismo. E con dicir o comunismo xa se dician todas as desgrazas e perigos.

»TAMÉN FOI ESPERANZA para millóns de persoas no mundo, sobre todo para os que loitaron e perderon a nosa guerra. Que ninguén esqueza iso. Outra cousa é que a vida se burle da xente que deposita as esperanzas cegamente, ferozmente en calquera cousa (o Gulag inventárono os tsares e multiplicouno a Unión Soviética. Os verdadeiros pesadiscos non se soñan,

ocorren na realidade do día a día).

»"IRUSIA ES CULPABLE!" foi o berro do fascismo español que imaxinou Dionisio Ridruejo e berrou Serrano Suñer. Desde aquela Rusia cargou con todas as culpas, foi o criminal do mundo.

»ESA XENOFOBIA RUSA é a que aínda anda estes días tras moitas das alertas e ameazas que se oen sobre a compra dunha parte de Repsol por Lukoil.

»ASÍ E TODO NÓN PODEREMOS EVITAR que cando oíamos dicir "Rusia" non nos chegue dun lugar da nosa memoria unha sombra e un arreuquizo.

»INVENTOS: OS PANTALÓNS. Deben de ser mellor invento que a fregona pois agora usámoslos todos, todas. Vexo a esa anciá ben abrigadiña co abrigo e os panta-

lóns por debaixo. Hai vinte, dez anos non os poría, levaría saia cunhas boas medias e carpins por dentro da bota. E aí a está, ben abrigadas as pernas.

Hai moita tontería con tanto trebello electrónico: a verdadeira modernización atópase nos pantalóns das vellas. Que vivan as vellas e máis que vivan os pantalóns, ese grande invento de toda a humanidade.

»ENIGMAS: OS KLEENEX. A ver: hai que usalos unha única vez ou pódense reutilizar? (Non estou certo, paréceme que hai división de opinións sobre o asunto en cuestión).

»E QUE FACEMOS COS PANOS DA MAN? Pódense utilizar para fungar os mocos ou xa non, só para limpar unha mancha de graxa na camisa ou para limpar os lentes?



De esquerda a dereita, Elisa e Marcela segundo o fotógrafo Sellier, nunha caricatura d'O Século e nunha fotografía de José Rodríguez no cárcere do Porto.

OS GROUCHOS

A máis extraordinaria historia de amor

MANUEL
RIVAS



Se se puidese reescribir o *Alba de Gloria* de Castelao, que se pode, porque é un discurso interactivo, unha radiofonía cósmica, sen peche histórico nin copyright partidario, pois habería que incorporar a esa *santa compañía* da liberdade que el vai enfiando a Elisa e a Marcela. Dúas heroínas que as pasaron putas.

No tempo gris e cínico da restauración, no comezo chorón e hipócrita do século XX español, tan ben retratado en *El árbol de la ciencia* de Pío Baroja, e que ás veces revive nos trazos máis feos e fedorentos do presente, houbo unha parella de mozas galegas, de profesión mestras de escola, que puxeron ben posto o mundo do revés. A de Elisa e Marcela é unha das máis extraordinarias historias de amor de todos os tempos.

Elisa e Marcela coñecéronse mediados os anos oitenta do século XIX, na Escola Normal da Coruña. Elisa tiña 23 anos e Marcela, 18. Coñecéronse e namoráronse. Era unha a súa unha amizade tan intensa que os pais de Marcela situaron axiña no espazo do "perigo", do inadmisíbel, malia non ter nome sequer para o "pecado". Mais todos os intentos por separalas foron fracasados. Nese "estado de excepción" no que viven é cando van maxinando a novela que salvarlos. Inventan un terceiro ser. Un "home". Vaise chamar Mario. Vai ser real. Vaise encarnar en Elisa. Elisa é "viril". Ten o carácter e os trazos afeitados dun macho cando é necesario. No tempo en que é mestra en Calo (Vimianzo) vai sempre armada de revólver e faíno saber: "Eu non ando nunca sen 'o despertador'". Magnífico eufemismo para un arma de chumbo. Falta lle facía o estilo arroutado. Daquela, Marcela exercía en Dumbria. E foron moitas

as noites en que Elisa atravesaba Soneira, mesmo contra trebón e co lobo ás beiras.

Inventaron un home que fixeron real. Cunha biografía de infancia especial, tan especial que resultaba ser protestante. Un coruñés de pai británico que viviu un tempo en Londres. Así que había que bautizalo, antes de poder casar. E todo iso pasou, en 1901, na igrexa de San Xurxo da Coruña. O Mario (Elisa) faise católico. Mesmo o cura, no ritual, faílle unha cruz no peito. Mais Elisa xa é Mario. Xa é home. E logo el e Marcela casan. Pensan, soñan, que á fin poderán vivir tranquilas xuntas. Mais todo conspira contra esa elemental felicidade. Serán descubertas.

A mesmísima Emilia Pardo Bazán recoñeceu que nunca sería quen de imaxinar unha novela semellante. Escribiu en *La Ilustración Artística*, no ano 1901, unha longuísima reflexión sobre o caso Elisa-Marcela, onde confesa: "La destreza y resolución con que (Elisa) urdió la maraña para soltar, por decirlo así, la personalidad femenina, y adquirir legalmente la condición viril, revelan inteligencia nada común y son materia de asombro para el novelista, que apenas acertaría a idear enredo semejante".

Unha "intelixencia nada común". A de Elisa. E a de Marcela. Quen podía negar iso ante a maxistral ficción que tiveron que construír cos seus corpos e vidas para poder amarse? Mais, para a grande maioría, esa "intelixencia nada común" é unha manifestación do maléfico. A súa é unha historia dramática. De estado de persecución e escarnio, nun mundo dominado por reaccionarios, que non só teñen as chaves das cancelas dos cárceres e das portas do ceo, senón tamén dos medios de control das mentes.

Con todo, o asombroso, o que máis enfeitiza da biografía de Elisa e Marcela é o xeito en que enfrontaron os contrastes. Era previsíbel que con elas se cebara a ruindade. A luz, o ser exposto á

luz, neste caso, queima, fai torresmo da vida. Por iso, o admirábel, o que comove dobremente, é a determinación por "reexistir" de Elisa e Marcela, mesmo despois de ser perseguidas, detidas, xulgadas, e sometidas á chanza e ao xuízo público nunha nova modalidade inquisitorial, a da rapina xornalística ou mediática que xusto está a estender as súas zoupas esmaltadas. Os novos semanarios, que incluían fotografías, esgotaron edicións. "Nuevo Mundo" vendeu só en Madrid o mércores e o xoves (3 e 4 de xullo de 1901) últimos máis de 19.000 exemplares, cifra non acadada en ningunha ocasión por calquera outro xornal semanal, nin aínda en tempos das guerras coloniais en que tanto degoiro tiña o público por coñecer retratos e fotografías daqueles lugares". É increíble como unha e outra vez, en Galicia, en Portugal, en América, Elisa e Marcela tentan fuxir da maldita celebridade, tentan vivir como soñaron sendo mozas diante do mar do

Elisa e Marcela foron vindicadas, por fin, nos anos 90 polo colectivo Milhomes, e en especial por Xosé Carlos Alonso Sánchez, unha persoa clave na loita polos dereitos civís na Coruña. Creouse un premio que levaba o nome da parella. Os medios de comunicación falaban das amantes perseguidas, esta vez cunha nova ollada. Mais agora temos o que tantas veces soñamos tamén do mar do Orzán. Un libro que afondase nesta historia que sitúa A Coruña no mapa da grande loita polo dereito á amar. Porque cómpre dicir que moitos dos que usan a palabra amor como centro da súa doutrina son quen máis fixeron historicamente por estragar o amor. Amantes queimadas como bruxas. Mozas entolecidas para sempre polo lixo dogmático. E ese mundo represivo, que impide aos curas formar familias e ás mulleres ser sacerdotas aínda que enchán as igrexas...

Temos un libro que algo máis que un libro. Aquí tamén cómpre empregar as verbas de Pardo Bazán: "Unha intelixencia nada común". Esa intelixencia é a de Narciso de Gabriel, catedrático e decano da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña. A obra senlleira, un dos libros mentalmente máis excitantes dos últimos anos, leva por título *Alén dos homes*. Unha investigación na que Narciso de Gabriel ando durante quince anos. E o resultado é óptimo. Aquí está a "novela" de Elisa e Marcela que non foi quen de escribir dona Emilia. Aquí están os documentos da igrexa, da policía e dos xulgados. Aquí está un estudo sobre o tratamento informativo. Aquí aparecen esclarecedores e valentes ensaios sobre o hermafroditismo, o travestismo, o lesbianismo e o feminismo.

Aquí está, en fin, un traballo feito con tanto amor, con tanta conciencia, que non me estraña que Elisa e Marcela comecen a sorrir na foto de matrimonio que lles fixo o fotógrafo señor Sellier na Coruña van aló 107 anos.

Case todas as persoas que consideramos verdadeiros heroes ou heroínas non o pretendían ser

Orzán.

Elisa e Marcela non querían ser heroínas. Penso que, na realidade, case todas as persoas que consideramos verdadeiros heroes ou heroínas non o pretendían ser. É máis. Elisa e Marcela o que querían é que non se soubera nada delas. A noite era máis amiga que o día. A sombra preferíbel á luz. Neste caso, a información trouxo a desgraza. Porque hai veces, moitas, en que o que se presenta como verdade culpable é un prexuízo ruín. É isto é case un axioma no que atinxe á moral sexual.